

O DÍA DA DIGNIDADE.

Carta ao Sr.Domingo Docampo, Reitor da Universidade de Vigo

O xoves 16 de marzo non foi un día calquera para as persoas que nos ocupamos da administración e dos servizos na Universidade de Vigo, ese día Vde., Sr reitor, perdeu a oportunidade de ser coherente e fiel ao modelo universitario de xestión que leva anunciando durante case oito anos.

...O reto para os vindeiros anos será situarnos na senda da calidade e da excelencia na prestación de servizos á comunidade universitaria. ...e cun decido fomento da responsabilidade persoal e compromiso na consecución dos obxectivos da universidade.

Son palabras do seu programa que, sen dúbida repetiu, dunha ou doutra forma, moitas veces ao longo dos seus mandatos. Palabras, Sr. reitor, que se converteron, tras o visto e oído no último Consello de Goberno, en paroladas que mesmo parece que foron escritas só coa intención de quentar a orella ou de encher o seu programa.

Agora que está ao final do seu segundo e último mandato, tiña a ocasión de liberarse da presión e das ataduras dos pactos e das consignas, a oportunidade de defender os principios polos que di que leva moitos anos traballando, de confirmar que o seu compromiso coa universidade está por enriba da arañeira de intereses que son necesarios tecer para conseguir e manter o cargo. De exercer de intercesor, xusto e imparcial, capaz de ver a verdade, espida e libre, dos non sempre nítidos propósitos que hai detrás da natureza humana. De decatarse, coa perspicacia que lle caracteriza, da estrañeza dun acordo no que conflúen, interesadamente, oportunistas e estrañas alianzas.

Tampouco se lle pedía tanto. Instarlle a ser congruente coas decisións anteriormente tomadas e co seu coñecido ideario, non é moito pedir. Requirirille que a decisión que se tomou fose acompañada de documentación e motivación, non é moito pedir. Demandarille que o persoal eventual (xerente e vicexerente) figure na relación de postos, tal e como establece a normativa, non é moito pedir. Reclamarlle que a unha funcionaria se lle deixe a extinguir o posto que ocupa, en vez de suprimirillo inxustamente, non é moito pedir. Rogarlle a Vde. e ao resto dos membros do Consello de Goberno, que adiaran unha decisión sobre unha RPT que non se executará ata o mes de outubro, coa soa intención de corrixir as eivas e buscar o consenso dos prexudicados, non é moito pedir. Non, nin se pedía tanto nin o pouco que se pedía afectaba a decisión tomada pola Xunta de Persoal nin pola asemblea do colectivo. A non ser que se nos queira facer tragar que a asemblea votou deliberadamente a supresión da praza dunha funcionaria.

Mais as consignas xa estaban dadas. A decisión chegou ao Consello previamente decidida e pactada. A celada, revestida por outros de acordo, xa fora solemnemente argallada. As contas coidadosamente anotadas ao longo dos anos no libro do debe, polos rancorosos e os resentidos, tiñan que ser pagadas. En sede do órgano de goberno da universidade, con Vde.. oficiando de gran mestre de cerimonia: locuaz e cortante con uns, consentidor e tolerante con outros. Cuestionando a legalidade dos que teñen o deber de recordárnola e comprendendo os que con prepotencia e ton ameazante avisan de que non darán ningún paso atrás nin moverán unha coma do acordo (así estea mal posta). Nas súas barbas, Sr. reitor, no escenario no que ao longo destes anos puxo soberbiamente no seu sitio a tantos e a tantas que ousaron disentir. Tendo que soportar, Vde. que sempre estivo máis alá dos apegañentos e arrimadizos, a apoloxía de si mesmo, a loanza desmedida e patética dos que incluso parecía que o desafiaban.

Mais non se preocupe, Sr. reitor, quedounos claro que son cousas da ideoloxía, das consignas, da obediencia debida aos que pensan que o sosteñen, aos que afirman que Vde.. está aí para bailar ao son que lle marque a súa estratexia. A eses que un día lle rebentan un claustro ou lle rouban unha urna e outro lle amosan obediencia canina. Aos que ideoloxicamente afirman que o fin sempre xustifica os medios. Aos que a escuma do xabón que lle dan lles impide ver que foi Vde. (e a ideoloxía) quen expulsou aos sindicatos do órgano de goberno da universidade.

Sen seu apoio, polo que se ve, seremos moitos e moitas os que seguiremos *camiñando pola senda da calidade e da excelencia* (como ostentosamente puña no seu programa), e o seguiremos a facer malia os atrancos que os rebentadores e calidadeescepticos seguen a poñer. Xa lle dicimos que a institución non é súa senón de todos e de todas e, sobre todo, dos que se comprometen de verdade con ela. Cando queira pode volver a senda que pensabamos que Vde. tamén percorría. E non se preocupe, cando o faga, malia todo, non seremos coma outros, nós no llo teremos en conta.

O xoves 16, non foi un día calquera, para nós foi o día da dignidade, para outros o día do desquite e da complicidade, para Vde., Sr. reitor, será sempre o día que, con amargo regusto, lle fallou á Universidade. O día que tivo unha oportunidade.

*O fin está nos medios como a árbore na semente.
Mahatma Gandhi.*

Vigo, 17 de marzo de 2006

Sección Sindical de CC OO da Universidade de Vigo